# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36004484 | CEIP Plurilingüe da Laxe | Marín | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Ciencias da Natureza | 1º Pri. | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

## Contido


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 10 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 10 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 10 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 11 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 11 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 12 |
| 7.2. Actividades complementarias | 13 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 14 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 14 |
| 9. Outros apartados | 14 |

## 1. Introdución

A presente programación didáctica da área de C. Naturais, está pensada para poñerse en práctica durante o curso escolar 2023-24, vai destinada para un grupo de alumnos e alumnas de 1º curso da etapa de Educación Primaria (6 e 7 anos). Coa finalidade de ofrecer aprendizaxes significativas e proporcionar unha educación adaptada, esixente, integral e de calidade.
Este documento, entendido como un instrumento aberto e flexible, servirá para concretar un plan de actuación e guiar así o proceso de ensinanza- aprendizaxe.
Cabe salientar a importancia da área de C. Naturais pois ten como obxecto que as nenas e nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e responsable.
Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en catro bloques temáticos:
Bloque 1: Cultura científica.
Bloque 2: A vida no noso planeta.
Bloque 3: Materia, forzas e enerxía.
Bloque 4: Tecnoloxía e dixitalización.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural. | 1-2-3 | | 2-4 | 1-2 | | 4 | | |
| OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social. | | | 5 | | 1-2-3 | 3 | | |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5 | | 2-5 | | 4 | 1-3-4 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo. | 3 | | 4 | 1-2-3-4-5 | | | | 4 |
| OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas. | | | 3-4 | 5 | 3-4-5 | | 1-3 | 4 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Seres vivos | Esta unidade engloba o coñecemento das características dos animais e das plantas, a súa conservación e o medio en que viven. Tamén engloba as relacións que establecen os seres vivos coa contorna e o coidado da biodiversidade. | 35 | 35 | X | | |
| 2 | Corpo humano. Hábitos saudables. | Esta unidade engloba o funcionamento do corpo humano, a prevención de condutas de risco que provocan enfermidades cotiás no ser humano e a adquisición de hábitos saudables que inciden no benestar físico, emocional e social. | 40 | 40 | | X | |
| 3 | Os materiais. Máquinas e aparellos. Manexo do ordenador. | Esta unidade inclúe as propiedades dos distintos tipos de materia, a experimentación dos fenómenos físicos e químicos, así como os efectos das forzas sobre os obxectos. Desenvólvense as diferentes fontes de enerxía que podemos atopar na contorna, así como as máquinas e os aparellos de uso cotián e a enerxía que utilizan, analizando as súas consecuencias ambientais e contribuíndo aos obxectivos de desenvolvemento sustentable. Tamén tentarase habilitar ao alumnado no manexo básico do ordenador como medio ara buscar e comprender información. | 25 | 30 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Seres vivos | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación. | Formular preguntas sobre feitos e fenómenos próximos a través da observación. | TI | 100 |
| CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. | | |
| CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura. | | |
| CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas. | Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes. | | |
| CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación. | Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno. | | |
| CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común. | Mostrar actitudes de respecto cara a natureza. | | |
| CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio. | Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural. | | |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura. | | |
| CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. | Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. | | |
| CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional. | Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.<br>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.<br>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.<br>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.<br>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.<br>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.<br>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.<br>- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.<br>- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.<br>- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.<br>- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.<br>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.<br>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:<br>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.<br>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:<br>- Estratexias básicas de traballo en equipo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Corpo humano. Hábitos saudables. | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. | TI | 100 |
| CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos. | | |
| CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas. | Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión. | | |
| CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías. | Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado. | | |
| CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais. | Coñecer as principais partes do corpo. | | |
| CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence. | Identificar as emocións propias e as dos demais. | | |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura. | | |
| CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. | Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. | | |
| CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional. | Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación. | | |
| CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.<br>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.<br>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.<br>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.<br>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.<br>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. |

| Contidos |
|---|
| - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.<br>- Identificación e descrición das partes do corpo humano.<br>- Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna.<br>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.<br>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:<br>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.<br>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:<br>- Estratexias básicas de traballo en equipo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Os materiais. Máquinas e aparellos. Manexo do ordenador. | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. | TI | 100 |
| CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela. | Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura. | | |
| CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas. | Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión. | | |
| CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer as propiedades e características dos materiais que forman os obxectos da súa vida cotiá. | | |
| CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos. | Identificar o uso de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. | | |
| CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio. | Amosa hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura. | | |
| CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. | Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. | | |
| CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional. | Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación. | | |
| CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. | Traballar en equipo respectando as normas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.<br>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.<br>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.<br>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.<br>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.<br>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.<br>- Tipos de materiais segundo a súa orixe.<br>- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.<br>- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.<br>- Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.<br>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.<br>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:<br>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.<br>- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.<br>- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.<br>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:<br>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.<br>- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa¿).<br>- Estratexias básicas de traballo en equipo. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.
A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.
O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.
Predominarán estilos de ensino cognoscitivos, onde o alumnado é o protagonista do proceso.
Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.
En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluir novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos humanos |
| Recursos materiais: Tecnolóxicos e dixitais |
| Recursos ambientais |

Realizaremos unha adecuada selección e organización dos recursos e materiais, tendo en conta que sexan variados, motivadores, próximos ao alumno/a, que favorezan a autonomía e que atendan á diversidade. Nas sesións empregaranse os seguintes recursos:

-Recursos humanos: Co profesorado que imparte docencia no grupo, coordinareime para establecer liñas de traballo comúns. Disporei do foco de retroalimentación que me aporta o departamento de orientación. Intentando que as familias se impliquen o máximo no proceso educativo dos seus fillos.

-Recursos materiais: Destaco os seguintes:
* Material específico da área: libros, fichas, cadernos.
* Materiais didácticos: lapis de cores, tesoiras, cola, cartolinas, fotografías...
* Material informático e audiovisual: proxector, ordenador, tabletas.
* Material non convencional: do entorno; ou de reciclaxe, sen ser manipulados (periódicos, caixas ...) ou elaborados.

-Recursos ambientais: O espazo por excelencia é a aula. Destaco zonas diferenciadas como pode ser a biblioteca (busca de información) ou o patio (actividades o aire libre).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso ( 4 sesións).
Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Naturais.
Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...
A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en

marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **35** | **40** | **25** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.
Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...
No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:
* 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).
* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)
Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado.
A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

**Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.
Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.
Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.
O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagoxía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

O grupo para o que vai dirixida a programación, conta con alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e ademais é un aula con estilos e ritmos de aprendizaxe moi diferentes polo que para dar resposta as súas necesidades individuais, traballarase desde a parcela ordinaria, coas seguintes medidas propostas a continuación:

-Medidas didácticas: Alternar actividades para eliminar a fatiga que lles poidan provocar a lectura ou a escritura; comprobar sempre que os alumnos e alumnas comprenden o material escrito co que van traballar, explicándollo verbalmente; favorecer o acceso e o uso da informática pois é un elemento motivador para as súas tarefas de aprendizaxe.
O clima da aula favorecerá a autoestima e a seguridade, reforzando os seus logros persoais e fomentando actitudes positivas. Educarase en autonomía, evitando a sobreprotección. Empregarase unha linguaxe sinxela e clara na explicación das actividades. Acompañarase en determinados momentos a linguaxe verbal con imaxes visuais.

-Medidas organizativas: cabe destacar a localización do alumnado na aula, a iluminación e a sonoridade.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral, escrita. | X | X | X |
| ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X | | X |
| ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores. | X | X | |
| ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. | | X | |
| ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. | X | X | X |

**Observacións:**

Existe un conxunto de contidos que interactúan en tódalas áreas do currículo escolar, afectando á globalidade do mesmo. Como docente, abordareinos de xeito transversal na área, pois o seu tratamento contribúe tanto ao desenvolvemento integral do neno/a como á formación dun sistema de valores demandados pola sociedade.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Saídas culturais | Visitas diversas relacionadas co proxecto de centro e outras que sexan de interese. Excursión de Fin de curso. | | | |
| Saídas á contorna | Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos. | | | |
| Conmemoracións | Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, Día Internacional da Muller... | | | |

**Observacións:**

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.
O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Realizaranse todas as saídas propostas e aprobadas na PXA do centro ademais de aquelas que vaian aparecendo e sexan interesantes para o alumnado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Funcionalidade da programación. |
| Coherencia entre os obxectivos e os contidos. |
| Actividades adecuadas. |
| Temporalización. |
| Organización dos recursos materiais. |
| Medidas de atención á diversidade. |
| Motivación do alumnado. |
| Procedementos de avaliación. |

**Descrición:**

Non só avaliarei ó alumnado, tamén avaliarei a programación didáctica e a miña práctica docente, co fin de aportar calidade ó proceso e melloralo. Para iso, empregarei indicadores de logro, tendo en conta, entre outros aspectos: se as actividades foron motivadoras, a atención á diversidade foi correcta, a progresión dos contidos adecuada, os recursos resultaron variados, ou se a avaliación é útil e proporciona información relevante.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.
Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.
Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36004484 | CEIP Plurilingüe da Laxe | Marín | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Ciencias Sociais | 1º Pri. | 2 | 70 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 9 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 10 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 10 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 10 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 11 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 12 |
| 7.2. Actividades complementarias | 13 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 13 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 14 |
| 9. Outros apartados | 14 |

## 1. Introdución

A presente programación didáctica da área de C. Sociais, está pensada para poñerse en práctica durante o curso escolar 2023-24, vai destinada para un grupo de alumnos e alumnas de 1º curso da etapa de Educación Primaria (6 e 7 anos). Coa finalidade de ofrecer aprendizaxes significativas e proporcionar unha educación adaptada, esixente, integral e de calidade.
Este documento, entendido como un instrumento aberto e flexible, servirá para concretar un plan de actuación e guiar así o proceso de ensinanza- aprendizaxe.
Cabe salientar a importancia da área de C. Sociais pois ten como obxecto que as nenas e nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas coa súa contorna próxima e afastada.
Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en catro bloques temáticos:
Bloque 1: Ciencia e tecnoloxía.
Bloque 2: O mundo e o desenvolvemento sostible.
Bloque 3: Vivir en sociedade.
Bloque 4: Leccións do pasado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede. | 3 | | 4 | 1-2-3-4-5 | | | | 4 |
| OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural. | 1-2-3 | | 2-4 | 1-2 | | 4 | | |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5 | | 2-5 | | 4 | 1-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos. | 3 | | 4 | | 4 | 1-3 | 2 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea. | | 3 | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. | 5 | | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A familia e a escola. As profesións. | Ao longo desta unidade trataremos de coñecer a contorna máis próxima aos alumnos/as: a escola e a familia. Analizaremos os sectores laborais e os aspectos básicos da economía, partindo das profesións máis próximas. | 30 | 25 | X | | |
| 2 | A nosa contorna. Uso da auga. Fenómenos atmosféricos. Seguridade viaria. | Trataremos que o noso alumnado coñeza as expresións artísticas, as paisaxes, a cultura e as festas máis destacadas do lugar no que vive.Promoveremos un estilo de vida sustentable e analizaremos o uso da auga. Tamén falaremos dos fenómenos metereolóxicos máis destacados. Outros contidos a tratar serán os desprazamentos e as viaxes.Trataranse aspectos como o respecto e coñecemento das normas básicas como peóns ou os dereitos e deberes como membros da sociedade que teñen os alumnos e alumnas, así como o respecto das opinións de todos os compañeiros/as. | 40 | 25 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | O espazo. O tempo. A historia local. | Introduciremos os conceptos básicos da Terra, o Sol e a Lúa. Estudaremos as unidades temporais básicas: día, semana, mes e ano, e a percepción dos sucesos no tempo (antes e despois). Estudaremos diferentes aspectos da historia local. | 30 | 20 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A familia e a escola. As profesións. | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos. | TI | 100 |
| CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada. | | |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación | | |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. | | |
| CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero. | Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. |

| Contidos |
|---|
| - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.<br>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.<br>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.<br>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.<br>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.<br>- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.<br>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.<br>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.<br>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | A nosa contorna. Uso da auga. Fenómenos atmosféricos. Seguridade viaria. | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos. | TI | 100 |
| CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara. | Participa en experimentos guiados e pautados. | | |
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. | | |
| CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación. | Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga. | Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga. | | |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos. | | |
| CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe. | Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. | | |
| CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia. | Identificar institucións próximas. | | |
| CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta. | Coñecer normas básicas como peóns. | | |
| CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común. | Respecta o patrimonio natural e cultural. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.<br>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.<br>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.<br>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.<br>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.<br>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.<br>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.<br>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.<br>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. |

| Contidos |
|---|
| - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.<br>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.<br>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.<br>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.<br>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | O espazo. O tempo. A historia local. | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo. | Utilizar dispositivos ou recursos dixitais. | TI | 100 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 12 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 13 |
| 9. Outros apartados | 13 |

## 1. Introdución

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 1º de primaria dun centro Plurillingüe. Un grupo de alumnos de procedencia sociocultural diversa.
A comunicación en distintas linguas resulta esencial no desenvolvemento dunha cultura democrática. Na idea dun Espazo Europeo de Educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras, e favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas, ampliando as perspectivas do alumnado.
A área de Lingua Estranxeira na etapa da educación primaria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa básica na lingua estranxeira, así como o desenvolvemento e enriquecemento da conciencia intercultural do alumnado.
Os obxectivos da área de Lingua Estranxeira na educación primaria, en moitos casos, constitúen o punto de partida na aprendizaxe formal de idiomas. Pártese dun estadio aínda moi elemental da lingua estranxeira, polo que, durante toda a etapa, será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos.
Os criterios de avaliación da materia preséntanse vinculados aos obxectivos. Estrutúranse en tres bloques: comunicación, plurilingüismo e interculturalidade.
Preténdese que o alumnado de 1º curso sexa capaz de poñer en funcionamento algúns saberes básicos no marco de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos: persoal, social e educativo.
O carácter competencial do currículo levaranos a creación de tarefas interdisciplinares, contextualizadas, significativas e relevantes, e a desenvolver situacións de aprendizaxe nas que se considere o alumnado como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe, e onde se teñan en conta os seus repertorios, intereses e emocións, así como as súas circunstancias específicas.
Esta programación está dividida en 4 Unidades Didácticas, unha delas levarase a cabo ao longo de todo o curso e as demais distribúense por trimestres.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 4 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | | 3 | 3 | 1-3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | | | 1 |
| OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | | 2 | 1 | 2 | 1-4-5 | | 3 | |
| OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 2-3 | | 1 |

**Descrición:**

## 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Me and my school | Pedir obxectos de clase.<br>Falar do seu corpo en inglés. Xogar e cantar cancións. | 30 | 20 | X | | |
| 2 | Let's Play! | Explicar os xoguetes e falar da roupa que levamos. | 30 | 20 | | X | |
| 3 | I love it! | Dicir as mascotas que nos gustan.<br>Falar das comidas preferidas. | 30 | 20 | | | X |
| 4 | Come and celebrate! | Como se celebra Halloween, o Nadal e a Pascua? | 10 | 10 | X | X | |

## 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Me and my school | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Recoñecer palabras e expresións habituais con apoios en textos orais e multimodais breves sobre temas cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible en lingua estándar. | PE | 40 |
| CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | Participar de forma guiada en situacións interactivas elementais preparadas previamente, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | TI | 60 |
| CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.<br>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.<br>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Let's Play! | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación. | Utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar algunhas preguntas básicas para a comunicación. | PE | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Expresar oralmente, con axuda, frases sinxelas con información básica sobre asuntos de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados. | TI | 90 |
| CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | Participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas preparados previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | | |
| CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio. | | |
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais. | Recoñecer a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer algún dos seus elementos culturais e lingüísticos elementais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.<br>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.<br>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.<br>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.<br>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.<br>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | I love it! | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Recoñecer algunhas palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais sinxelos sobre temas cotiáns e frecuentes de relevancia persoal expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | PE | 30 |
| CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Expresar oralmente frases sinxelas con información básica sobre asuntos de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados. | TI | 70 |
| CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias básicas para producir, con axuda, mensaxes moi breves adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | | |
| CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Interpretar de forma guiada algunha información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento. | Comparar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando, con axuda, sobre aspectos elementais do seu funcionamento. | | |
| CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. | Identificar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. | | |
| CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, algunhas discriminacións, prexuízos e estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| ˉ Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e |

| Contidos |
| --- |
| - estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.<br>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.<br>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.<br>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.<br>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).<br>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.<br>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 4 | Come and celebrate! | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Recoñecer e palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | TI | 100 |
| CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | Mostrar interese case sempre pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.<br>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.<br>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.<br>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. |

| Contidos |
|---|
| - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O alumnado é o centro de aprendizaxe polo tanto a programación da lingua estranxeira inglés partirá das aprendizaxes previas do grupo e xirará entorno aos seus intereses favorecendo o seu crecemento persoal e social.
Os nenos e nenas han de ser capaces de saber acceder aos coñecementos e aplicalos en contextos reais, para isto, lévase a cabo a prendizaxe por competencias.
A metodoloxía pretende acercarse ao xeito natural que os nenos teñen de adquirir a linguaxe, mediante o oído e a repetición de expresións en contextos reais.
Buscarase a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua estranxeira.
Realizaranse proxectos significativos moi simples adaptados ao nivel educativo.
O alumnado achegarase a diversos modelos, vídeos e situacións de imitación que inclúen humor, xogos e historias motivadoras para lograr que recoñeza e repita as expresións propostas. Empregaranse as tecnoloxías dixitais e a radio escolar para favorecer a aprendizaxe do inglés.
Utilizaranse materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, tarxetas con imaxes do vocabulario das uds, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos, para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que podemos destacar a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos na lingua que queremos vaian adquirindo.
A aprendizaxe será de mellor calidade baseándose na actividade (TPR). Realizaranse pequenas dramatizacións, diálogos en parellas e en pequenos grupos.
As prácticas desenrolaranse ao redor de temas atractivos que pretenden aumentar a motivación dos nenos e nenas.
Asentarase a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.
Deste xeito a metodoloxía será activa, participativa e inclusiva, tendo en conta que a fin última da linguaxe é a comunicación.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Humanos: a mestra de inglés e outros invitados ou actores. |
| Materiais: A aula de inglés e demais espazos do centro. |
| Internet |
| Ordenador de aula, pantalla dixital, proxector, altofalantes. |
| Libro de texto: All About Us Now 1, Editorial Oxford e libro dixital. |
| Xogos diversos en inglés de diversos formatos. |
| Libros de lectura en inglés da biblioteca do centro. |
| Materiais para manualidades, cartolinas, etc. |

O alumnado avanzará co apoio do libro dixital e o libro físico na aula. Participará activamente nos xogos na panatalla dixital así como en todos os xogos físicos que se propoñan. Usará diversos materiais para elaborar lapbooks, posters, etc.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial usarase como un punto de partida para o desenrolo da programación deste nivel.
Realizarase nas primeiras semanas do curso para coñecer o nivel competencial do alumnado, mediante probas para valorar as catro destrezas na lingua inglesa: comprensión oral, expresión oral, comprensión lectora e escritura. Comprobarase o coñecemento dalgúns temas do nivel anterior e avaliaranse mediante táboas de valoración.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **30** | **30** | **30** | **10** | **100** |
| **Proba escrita** | 40 | 10 | 30 | 0 | **24** |
| **Táboa de indicadores** | 60 | 90 | 70 | 100 | **76** |

**Criterios de cualificación:**

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referente o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluidos na devandita adaptación.
Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, xogos, diálogos, traballos en grupo, individuais, dramatizacións, realización de actividades, proxectos...
No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte eqivalencia coas décimas;
+ 1,2,3,4 décimas; o número enteiro quedaría como está.
+5,6,7,,8,9 décimas; ao número enteiro se lle engade 1 unidade.
A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua será obtida no terceiro trimestre.

**Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que obteña unha avaliación negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo aos seguintes criterios de recuperación.
Realizará unha serie de actividades que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Dado que non todo o alumnado aprende da mesma maneira e ao mesmo ritmo, realizaranse actividades a distinto nivel:
-Actividades programadas para todo o grupo.
-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
-Xogos adicionais con cartas, taboleiros...
Adaptaranse as actividades tanto para o alumnado con ritmo máis lento ou para o máis receptivo.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que

este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se poderán facer adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Promoverase o traballo inclusivo e cooperativo na área de Lingua Estranxeira dentro da aula e fora dela.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | | X | X | |
| ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC | | | X | |
| ET.4 - Educación emocional e valores | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade e espíritu científico | | X | | X |
| ET.6 - Educación para a saúde | X | | X | |
| ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres | X | | | |

**Observacións:**

Os elementos transversais, eiquí numerados, trabállanse con regularidade na área de Lingua Estranxeira, no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 4 traballarase, de xeito especial, a través da unidade de conmemoracións do mundo que transcurre no tres trimestres.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Halloween Project | Achegarse as tradicións desta data a través de actividades varias. | X | | |
| Christmas Project | Participar en cancións e xogos do Nadal de países anglofalantes. | X | | |
| Easter | Realizar actividades referidas a esta festa para entender as costumes do país. | | X | |

**Observacións:**

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu mestre de inglés.
Aproveitarase o traballo feito na aula na lingua materna para ampliar vocabulario e expresións na LE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado. |
| Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida. |
| Máis do 80% do alumnado superou a materia |
| Metodoloxía empregada |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflictidas na PD. |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas. |
| Clima de traballo na aula |
| Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente. |
| Aportouse información ao persoal docente titor. |
| Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado. |

**Descrición:**

Non se avaliará só ao alumnado, senón tamém á programación didáctica e a miña práctica docente, co fin de aportar calidade ao proceso e melloralo. Para iso empregaranse indicadores de logro, tendo en conta, entre outros aspectos, se as actividades foron motivadoras, se a atención á diversidade foi correcta, a progresión dos contidos foi adecuada, os recursos resultaron variados ou se a avaliación é útil e proporciona informaciñon relevante.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.
Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé nas análises das cualificacións obtidas nos trimestres.
Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo de 1º ciclo será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36004484 | CEIP Plurilingüe da Laxe | Marín | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Lingua galega e literatura | 1º Pri. | 4 | 140 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 23 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 23 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 23 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 24 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 25 |
| 7.2. Actividades complementarias | 25 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 27 |
| 9. Outros apartados | 27 |

## 1. Introdución

A presente programación didáctica da área de Lingua Galega, está pensada para poñerse en práctica durante o curso escolar 2023-24, vai destinada para un grupo de alumnos e alumnas de 1º curso da etapa de Educación Primaria (6 e 7 anos). Coa finalidade de ofrecer aprendizaxes significativas e proporcionar unha educación adaptada, esixente, integral e de calidade.
Este documento, entendido como un instrumento aberto e flexible, servirá para concretar un plan de actuación e guiar así o proceso de ensinanza- aprendizaxe.
Cabe salientar a importancia da área de Lingua Galega pois ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive.
Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:
Bloque 1: A lingua e os seus falantes
Bloque 2: Comunicación oral
Bloque 3: Comunicación escrita
Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional
Bloque 5: Educación literaria
Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas. | 2 | 2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. | 2-3-5 | 2 | 1 | 1 | 4-5 | | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 5 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | 1-2-4 | | | | | | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Volta ao cole! | Expresión oral: conversamos sobre as vacacións.<br>Comprensión lectora: comprensión ilustracións e título dun conto.<br>Vocabulario: a escola.<br>Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das vogais. e consoantes p, l, m , s, n, ñ.<br>Gramática: as maiúsculas.<br>Literatura: presentación de contos tradicionais. | 17 | 24 | X | | |
| 2 | Quen somos? | Expresión oral: presentación dun mesmo e dun compañeiro ou compañeira.<br>Comprensión lectora: identificación personaxes nun conto de Nadal.<br>Vocabulario: as linguas utilizadas na nosa contorna. As festas tradicionais.<br>Lectoescritura: discriminación visual e auditiva: t, d, j, y, ll, b . Gramática: As maiúsculas nos nomes propios. O punto final. Literatura: Refráns. As lendas. | 17 | 24 | X | | |
| 3 | Compartimos vivencias. | Expresión oral: As normas de convivencia.<br>Comprensión lectora: interpretación de normas.<br>Vocabulario: a convivencia<br>Lectoescritura: discriminación visual e auditiva: v, z, c, r, rr.<br>Gramática: as palabras e as sílabas. Oracións.<br>Literatura: as fábulas. | 18 | 26 | | X | |
| 4 | Mergullándonos no mundo das letras. | Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a importancia dos libros.<br>Comprensión lectora: lectura comprensiva e dramatización dun conto. Vocabulario: Onomatopeias. Lectoescritura: discriminación visual e auditiva: f, h, ch, k, q. Gramática: o nome. O xénero masculino e feminino. Literatura: o teatro. | 18 | 26 | | X | |
| 5 | Son poeta! | Expresión oral: Recitamos poesía.<br>Comprensión lectora: palabras que riman.<br>Vocabulario: os sinónimos Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes g, x, w. Gramática: o adxectivo.<br>Literatura: a poesía. | 15 | 20 | | | X |
| 6 | Equipo investigación! | Expresión oral: debatimos sobre a importancia e os beneficios da reciclaxe.<br>Comprensión lectora: identificación da idea principal dun texto.<br>Vocabulario: os antónimos.<br>Lectoescritura: discriminación visual das | 15 | 20 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | Equipo investigación! | sílabas trabadas.<br>Gramática: o verbo.<br>Literatura: os textos informativos. | 15 | 20 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Volta ao cole! | 24 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas. | Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna. | TI | 100 |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Usar unha linguaxe respectuosa . | | |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula. | Ampliar o vocabulario básico con axuda de diversos recursos. | | |
| CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega. | Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización das bibliotecas de aula e de centro. | | |
| CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro. | Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula. | | |
| CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal. | Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos). | | |
| CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartida. | Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias. | | |
| CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais. | Escoitar e ler, con axuda, textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras. | | |
| CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos. | Iniciar, con axuda, a adquisición de vocabulario galego a través dos textos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Biografía lingüística persoal e da súa contorna.<br>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.<br>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.<br>- Xéneros discursivos<br>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).<br>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.<br>- Contexto<br>- Procesos: comprensión lectora<br>- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.<br>- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.<br>- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.<br>- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.<br>- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.<br>- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.<br>- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.<br>- Procesos: produción escrita<br>- Adquisición progresiva da lectoescritura.<br>- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.<br>- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.<br>- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.<br>- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.<br>- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.<br>- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.<br>- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Quen somos? | 24 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas. | Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna. | TI | 100 |
| CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, en especial os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna. | Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes. | | |
| CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. | Recoñecer, con axuda, as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Usar unha linguaxe respectuosa . | | |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula. | Ampliar o vocabulario básico con axuda de diversos recursos. | | |
| CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega. | Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización das bibliotecas de aula e de centro. | | |
| CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro. | Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula. | | |
| CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal. | Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos). | | |
| CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartida. | Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias. | | |
| CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais. | Escoitar e ler, con axuda, textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras. | | |
| CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos. | Iniciar, con axuda, a adquisición de vocabulario galego a través dos textos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Biografía lingüística persoal e da súa contorna.<br>- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.<br>- Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. |

| Contidos |
|---|
| - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. |
| - A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familiar. |
| - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. |
| - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. |
| - Xéneros discursivos |
| - Elementos básicos de contido (tema, léxico). |
| - Interese pola ampliación de vocabulario básico. |
| - Contexto |
| - Procesos: comprensión lectora |
| - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. |
| - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. |
| - Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).<br>- Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir.<br>- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras...<br>- Localización e sistemas de representación<br>- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.<br>- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.<br>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica<br>- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.<br>- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.<br>- Organización e análise de datos<br>- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción¿<br>- Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.<br>- Incerteza<br>- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.<br>- Crenzas, actitudes e emocións<br>- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.<br>- Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.<br>- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.<br>- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.<br>- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade<br>- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.<br>- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.<br>- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.<br>- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Reloxos do mundo. | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario. | Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades. | TI | 100 |
| CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá. | Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente. | | |
| CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas. | Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas. | | |
| CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución. | Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados. | | |
| CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada. | Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas. | | |
| CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada. | Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa. | | |
| CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios. | Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos. | | |
| CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica. | Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Patróns<br>- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.<br>- Modelo matemático<br>- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.<br>- Relacións e funcións<br>- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.<br>- Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de |

| Contidos |
|---|
| - que o resultado obtido é correcto.<br>- Pensamento computacional<br>- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que guiará a práctica educativa parte dos principios pedagóxicos que ofrece o D. 155/2022 e todo o marco legal. Orientacións que toman como base as teorías do enfoque constructivista, baseadas nunha metodoloxía global, activa, que potencia aprendizaxes significativas nas que o alumno estableza vínculos entre os contidos novos e as estruturas de coñecemento existentes.

O proceso de ensinanza- aprendizaxe estará inmerso nunha aprendizaxe participativa na que o alumno asume o rol de escoitar activamente, opinar, preguntar, decidir, buscar e expresar as súas ideas e actitudes. Propiciando así situacións de diálogo, que favorezan a comunicación na aula, poñendo os dicentes en situacións de defender as súas ideas e de mostrar os seus aprendizaxes pero tamén de respectar e aprender das ideas e opinións dos seus compañeiros e compañeiras.

O papel do docente como guía é fundamental, facilitando as aprendizaxes e creando un clima seguro e motivador, á par de buscar dar resposta á diversidade. Así, a través dunha aprendizaxe cooperativa, potenciarase a inclusión e a interactividade do alumno/a. O cal, será o verdadeiro protagonista da súa propia aprendizaxe, favorecendo a autonomía e a capacidade de aprender a aprender, onde o erro sexa concibido como fonte de aprendizaxe.
Este método de traballo potencia unha aprendizaxe interdisciplinaria, na que as relacións entre as diferentes áreas e os contidos xogan un papel importante para acadar así unha visión e comprensión global do mundo que nos rodea.

En canto ás actividades de ensinanza-aprendizaxe deberán ser motivadoras, baseadas nos coñecementos previos, facendo posible a aprendizaxe por descubrimento, provocando o conflito cognoscitivo, facilitando autonomía e a experimentación.
Para poder atender a diversidade do alumnado e a aprendizaxe de contidos os agrupamentos serán diversos e variarán segundo a actividade que esteamos a facer en cada momento, posibilitando tanto a interacción entre o alumnado coma o traballo individualizado de cada neno e nena.

- Traballo individual: Actividades que requiran concentración, fomentando a autonomía.
- Por parellas: Traballando en colaboración cun compañeiro/a.
- Pequeno grupo: Aprendendo a través da interacción e cooperación cos demais.
- Gran grupo: actividades colectivas de grupo clase: asemblea, dinámicas grupais...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Vídeos |
| Proxector |
| Encerado dixital |
| Selección de recursos na rede adaptado aos contidos e a idade do alumnado |
| Libros de lectura |

| Xogos con diversos contidos didácticos |
|---|

Realizaremos unha adecuada selección e organización dos recursos e materiais, tendo en conta que sexan variados, motivadores, próximos ao alumno/a, que favorezan a autonomía e que atendan á diversidade. Nas sesións empregaranse os seguintes recursos:

-Recursos humanos: Co profesorado que imparte docencia no grupo, coordinareime para establecer liñas de traballo comúns. Disporei do foco de retroalimentación que me aporta do departamento de orientación. Intentando que as familias se impliquen o máximo no proceso educativo dos seus fillos.

-Recursos materiais: Destaco os seguintes:
Material específico da área: libros, fichas, cadernos.
Materiais didácticos: lapis de cores, tesoiras, cola, cartolinas, fotografías...
Material informático e audiovisual: proxector, ordenador, tabletas.
Material non convencional: do entorno; ou de reciclaxe, sen ser manipulados (periódicos, caixas) ou elaborados.

-Recursos ambientais: O espazo por excelencia é a aula. Destaco zonas diferenciadas como pode ser a biblioteca (busca de información) ou o patio (actividades o aire libre).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial terá lugar ao longo do mes de setembro e recollerá información sobre:
- As características do alumno/a, os seus intereses, peculiaridades a través de xogos de preguntas, cuestionarios..., reunión pais/nais ou titores/as legais ou titores do pasado curso.
- Informes do DO se fose o caso en relación ao alumnado con NEAE. Reunións co profesorado especialista en AL, PT, Xefe/a do DO.
- Avaliar a competencia curricular nas diferentes áreas (competencia lingüística e competencia matemática) a través de diferentes probas escritas e orais.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **Total** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **20** | **15** | **20** | **15** | **15** | **15** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.
A nota da avaliación será a media aritmética do resultado das unidades didácticas traballadas en cada trimestre que se cualificarán de acordo cos criteros de avaliación fixados para cada unha delas.

**Criterios de recuperación:**

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
f) O nivel de coñecementos.
g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación docente, como 3º nivel de concreción curricular, é dicir, nivel que delimita o qué facer co alumnado ó que nos diriximos, está adaptada á diversidade de ritmos de aprendizaxe, características, motivacións, dando resposta ás distintas necesidades individuais. Así, a programación é aberta e flexible, onde se deseñan acción e medidas xerais dirixidas a axustar a intervención educativa. Coa finalidade de que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos propostos e a adquisición das competencias clave proponse unha metodoloxía activa, con actividades que se poidan realizar con diferente grado de dificultade ou modificación do tempo, e cunha selección e organización de recursos, espazos e materiais que permitan traballar de forma individualizada. Implicándonos ademais na elaboración propia de materiais.
Xa nos preámbulos da LOE, da LOMCE e agora da LOMLOE, concíbese a atención á diversidade como un principio fundamental que rexerá toda a ensinanza básica, co obxectivo de garantir unha educación inclusiva e de calidade.
Co fin de ofrecer unha resposta adecuada ás necesidades dos alumnos/as, destaco tamén a importancia do apoio que me aporta o Departamento de Orientación, o resto de docentes que imparten no grupo e a familia, establecendo liñas de acción comúns.
O grupo para o que vai dirixida a programación, conta con alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) ademais de ser un aula con estilos e ritmos de aprendizaxe moi diferentes polo que para dar resposta as súas necesidades individuais, traballarase desde a parcela ordinaria, coas seguintes medidas propostas a continuación:

-Medidas didácticas: Alternar actividades para eliminar a fatiga que lles poidan provocar a lectura ou a escritura (actividades de concentración combinadas con actividades motrices); comprobar sempre que os alumnos e alumnas comprenden o material escrito co que van traballar, explicándollo verbalmente; favorecer o acceso e o uso da informática pois son de gran axuda para a corrección ortográfica ademais de ser un elementos motivador para as súas tarefas de aprendizaxe.
O clima da aula favorecerá a autoestima e a seguridade, reforzando os seus logros persoais e fomentando actitudes positivas. Educarase en autonomía, evitando a sobreprotección. Empregarase unha linguaxe sinxela e clara na explicación das actividades. Acompañarase en determinados momentos a linguaxe verbal con imaxes visuais.

-Medidas organizativas: cabe destacar a localización do alumnado na aula, a iluminación e a sonoridade.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral, escrita. | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Comunicación audiovisual, TIC. | | | | X | X | |
| ET.3 - Espírito emprendedor | | | | | | X |
| ET.4 - Educación Cívica e constitucional. | | | | | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.5 - Igualdade de trato e non Discriminación. | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre ambos Sexos. | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Resolución de Conflitos, e non violencia e Paz. | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

Existe un conxunto de contidos que interactúan en tódalas áreas do currículo escolar, afectando á globalidade do mesmo. Como docente, abordaranse de xeito transversal na área, pois o seu tratamento contribúe tanto ao desenvolvemento integral do neno/a como á formación dun sistema de valores demandados pola sociedade.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Inicio de curso | Acollida ao alumnado introducíndoos na temática do PDI | | | |
| Samaín-Magosto | Obradoiro de cabazas e degustación de castañas | | | |
| Día Internacional contra a Violencia de Xénero | Pendente de concreción | | | |
| Día Internacional das persoas con discapacidade | Pendente de concreción | | | |
| Nadal | Pendente de concreción | | | |
| Día escolar da non violencia e da Paz | Pendente de concreción | | | |
| Día da radio | Pendente de concreción | | | |
| Entroido | Pendente de concreción | | | |
| Día Internacional da Muller | Pendente de concreción | | | |
| Día da Poesía | Pendente de concreción | | | |
| Semana das Letras Galegas | Pendente de concreción | | | |
| Día do Medio Ambiente | Pendente de concreción | | | |
| Salón do Libro | Traballo sobre a temática do salón e visita ao Pazo da Cultura. | | | |
| Festa de Fin de Curso | Pendente de concreción | | | |

**Observacións:**

Ademáis das actividades citadas, o Equipo de actividades complemetarias e extraescolares colaborará con todos os equipos de dinamización naquelas actividades que requiran unha organización conxunta ou nas que se lle solicite axuda.

*Quedan pendentes de concreción outra serie de actividades complementarias e extraescolares que no presente curso estarán estreitamente relacionadas co PDI do centro "MarabillArte"

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos. |
| Propoño aos meus alumnos distintas actividades (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de recuperación, de ampliación e de avaliación). |
| Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa para realizar, dos recursos para utilizar..., controlando sempre que o adecuado clima de traballo. |
| Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos. |
| Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxerencias e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe. |
| Reviso e corrixo frecuentemente os contidos, actividades propostas - dentro e fose da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados. |
| Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes,as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe ( motivación,contidos, actividades, ...). |
| Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, Departamentos de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos¿ aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe. |

**Descrición:**

Non só se avaliará ó alumnado, tamén se avaliará a programación didáctica e a práctica docente, co fin de aportar calidade ó proceso e melloralo. Para iso, empregaranse indicadores de logro, tendo en conta, entre outros aspectos: se as actividades foron motivadoras, a atención á diversidade foi correcta, a progresión dos contidos adecuada, os recursos resultaron variados, ou se a avaliación é útil e proporciona información relevante.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A revisión realizarase anualmente e sempre con datos realistas. Esta revisión realizarana os titores do nivel segundo aos seus resultados reais de avaliación. Deste xeito, os titores realizarán a revisión da programación e unha vez analizada por estes, remitirase á Xefatura de Estudos, que a elevará á Comisión de Coordinación Pedagóxica na que se producirá unha revisión e análise das mesmas a nivel de centro.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36004484 | CEIP Plurilingüe da Laxe | Marín | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Música e danza | 1º Pri. | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 12 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 13 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 13 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 13 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 14 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 15 |
| 7.2. Actividades complementarias | 16 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 16 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 17 |
| 9. Outros apartados | 18 |

## 1. Introdución

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre todo o profesorado. Partindo dos referentes legais e do currículo oficial vixente, Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (que modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio) e o correspondente D. 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, elabórase esta Programación Didáctica de Música e Danza para 1º de Educación Primaria, durante o curso 2023/2024 regulado pola Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar en Galicia.
A área de Educación Artística (Música e Danza e Ed. Plástica e Visual) na educación primaria é de especial relevancia xa que desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal. Neste senso, a área de Música e Danza que se imparte en lingua galega, desenvólvese a través dunha dobre dimensión (reflexiva e creativa) e persegue que os discentes descubran, analicen, comprendan e valoren as manifestacións culturais propias e alleas, sen obviar o punto de vista da experimentación, a expresión e a produción artística como medio lúdico, creativo, comunitario e social.
A área de Música e Danza na educación primaria dá continuidade ao desenvolvemento iniciado polo alumnado na etapa de educación infantil a nivel expresivo e comunicativo. O nivel de coñecementos e de desenvolvemento evolutivo do alumnado desta etapa correspóndese co estadio de operacións preoperacional que perfila Piaget caracterizado por unha representación dos esquemas e conceptos a través da linguaxe e as súas accións no que o xogo se converte na mellor maneira e a forma máis natural de aprender.
O CEIP da Laxe é un centro público de Educación Infantil e Primaria, situado no concello de Marín, Pontevedra. Está formado por 2 aulas mixtas de infantil e 6 de primaria. O alumnado para o cal se elaborou esta programación é o curso de 1º EP, formado por 15 nenos e nenas.
A presente programación consta de 3 unidades didácticas tal e como se detalla no punto 3.1. O fío condutor desenvólvese baixo o título «Batuta viaxeira» e enmárcase no proxecto de biblioteca «MarabillARTE» que permitirá ao alumnado achegarse aos países onde se atopan as 7 marabillas do mundo modernas. A narrativa segue unha temporalización trimestral: 1. Despegue, 2.Cruceiro e 3. Aterraxe. Ao longo da viaxe farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e danzas do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social entre o alumnado.
Para o seu desenvolvemento polos catro bloques de contidos que conforman esta área de coñecemento (1.Educación musical: percepción e análise; 2. Educación musical: creación e interpretación; 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise; e 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación) contamos coa contorna próxima e as instalacións e programas educativos do propio centro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas. | | | | | | | | 2-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3 | 3 | 2 | 1 | 4 | 3 | | 1-2 |
| OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | | | 2 | 1-5 | 2 | 1 | 3-4 |
| OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1-5 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | DESPEGUE | Durante o primeiro trimestre, o alumnado viaxará con Batuta a México e China para aproximarse a súa cultura musical. Aproveitaremos para asentar as bases e incidir na dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, así como na recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da música e da danza. | 30 | 12 | X | | |
| 2 | CRUCEIRO | Durante o segundo trimestre, a pasaxe continuará o seu plan de voo con escala en Brasil e India. Proseguirase o traballo iniciado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza a través do achegamento a cultura musical de ambos países. | 30 | 11 | | X | |
| 3 | ATERRAXE | O plan de voo chegará ao seu fin tras facer escalas en Italia e Perú, e desenvolver e afianzar os elementos traballados nas UD1 e UD2 a través das manifestacións artísticas destes dous lugares. | 40 | 12 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | ATERRAXE | | 40 | 12 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | DESPEGUE | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas. | Descubrir propostas artísticas musicais de México e China, a través da recepción activa e mostrando respecto por estas. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Describir, con apoio docente, elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais mexicanas e chinesas. | | |
| CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical. | Identificar e representar elementos da linguaxe musical: clave de sol, pentagrama e grafía non convencional, pulso, sons fortes e pianos, sons longos e curtos. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción e realización de actividades musicais. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Imitar, en espello, os movementos corporais e seguir os movementos e indicacións da persoa docente. | | |
| CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes. | Iniciarse, de maneira guiada, na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical: clave de sol, pentagrama e grafía non convencional. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Participar grupalmente na creación e interpretación dunha pequena composición. | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na realización de actividades musicais. | | |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Descubrir propostas artísticas do baile e a danza. | | |
| CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Identificar e discriminar entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Seguir os movementos e indicacións da persoa docente. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na realización de actividades escénicas e performativas. | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Participar en grupo na composición e interpretación dunha pequena coreografía de Percusión Corporal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Estratexias básicas de recepción activa.<br>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.<br>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.<br>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.<br>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.<br>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Vocabulario específico básico de música.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. |

| Contidos |
|---|
| - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.<br>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.<br>- Estratexias básicas de recepción activa.<br>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde<br>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante<br>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversió<br>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | CRUCEIRO | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas. | Descubrir propostas artísticas musicais de Brasil e India, a través da recepción activa e mostrando respecto por estas. | TI | 100 |
| CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical. | Identificar e representar elementos da linguaxe musical: clave de sol, pentagrama e grafía convencional. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción e realización de actividades musicais. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Imitar os movementos corporais e seguir os movementos e indicacións da persoa docente. | | |
| CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Expresar os sentimentos e emocións experimentados tras a audición de pequenas obras musicais seleccionadas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes. | Iniciarse, de maneira guiada, na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical: clave de sol, pentagrama e grafía convencional. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Participar grupalmente na creación e interpretación dunha pequena composición. | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na realización de actividades musicais. | | |
| CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Descubrir propostas artísticas do baile e a danza. | | |
| CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. | Identificar e discriminar entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Seguir os movementos e indicacións da persoa docente. | | |
| CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Expresar, de forma guiada, ideas, sentimentos e emocións tras o visionado de danzas ou bailes. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento. | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. | Participar en grupo na composición e interpretación dunha pequena coreografía. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias básicas de recepción activa.<br>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.<br>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.<br>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.<br>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.<br>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Vocabulario específico básico de música.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.<br>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.<br>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.<br>- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.<br>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.<br>- Estratexias básicas de recepción activa.<br>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde<br>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante<br>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversió<br>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | ATERRAXE | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas. | Descubrir propostas artísticas musicais de Italia e Perú, a través da recepción activa e mostrando respecto por estas. | TI | 100 |
| CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical. | Identificar e representar elementos da linguaxe musical: clave de sol, pentagrama e grafía convencional. | | |
| CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Participar na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais de Perú ou Italia. | | |
| CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Compartir as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción e realización de actividades musicais. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Imitar, en espello, os movementos corporais e seguir os movementos e indicacións da persoa docente. | | |
| CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes. | Iniciarse, de maneira guiada, na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical: clave de sol, pentagrama e grafía convencional. | | |
| CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical. | Participar grupalmente na creación e interpretación dunha pequena composición. | | |
| CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Gozar coas experiencias creativas musicais realizadas. | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na realización de actividades musicais. | | |
| CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Descubrir propostas artísticas do baile e a danza. | | |
| CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Participar na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais de Perú ou Italia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. | Compartir as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. | Seguir os movementos e indicacións da persoa docente. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na realización de actividades escénicas e performativas. | | |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Gozar coas experiencias creativas musicais realizadas. | | |
| CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal. | Participar en grupo na creación e interpretación dunha pequena coreografía. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias básicas de recepción activa.<br>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.<br>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.<br>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.<br>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.<br>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Vocabulario específico básico de música.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.<br>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. |

| Contidos |
| --- |
| - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. |
| - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. |
| - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. |
| - Estratexias básicas de recepción activa. |
| - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde |
| - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. |
| - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispen-sable para manter a atención durante |
| - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversió |
| - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. |
| - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o «Artigo 16. Principios metodolóxicos» do Decreto 155/2022, a metodoloxía didáctica proposta está baseada nunha aprendizaxe competencial encamiñada a acadar os obxectivos da materia e as competencias clave relacionadas. Trátase dunha metodoloxía fundamentalmente comunicativa (xa que oferta a posibilidade de comunicación para tomar parte nas decisións), inclusiva (adaptada ás peculiaridades do propio centro escolar, ás necesidades atopadas e a realidade), activa (en canto que é dinámica) e participativa (pois exércese coa colaboración de tódolos axentes implicados).
A nosa acción educativa, mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa cultura musical do país no que se ubican as marabillas modernas do mundo, procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, tendo en conta os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe e fomentando a capacidade de aprender, o traballo colaborativo e en equipo e a aprendizaxe significativa. Para elo, diseñaranse actividades variadas e flexibles que partan dos coñecementos previos e do desenvolvemento evolutivo e idade do alumnado tanto no eido musical como no eido da danza e o movemento. En xeral, as actividades basearanse nas diferentes correntes pedagóxicas do s. XX adaptadas ao noso tempo como, por exemplo, Dalcroze nas actividades de movemento, Orff nas prácticas instrumentais e no valor rítmico e expresivo da linguaxe, Kodàly coas sílabas rítmicas, Willems coas cancións, Wuytack cos musicogramas, Martenot para a relaxación e improvisación, Montessori, na educación dos sentidos (tacto e oído); ou Cabezas, versionado por Ramsell, coa correspondencia nota-cor.
En todo estes procesos a mestra actuará como guía e facilitadora da aprendizaxe, observando as necesidades, capacidades e intereses de cada alumno/a e ofrecendo as oportunidades para desenvolverse de forma autónoma e eficaz.
A estrutura dos tempos de cada sesión estará condicionada polas actividades programadas e as diferentes capacidades, intereses e ritmos do alumnado. Distínguese, en termos xerais, o seguinte esquema temporal: actividades de quecemento ou rutinas (como quecemento e automatización de exercicios); actividades de introdución (orientadas á exploración de ideas e coñecementos previos), actividades de desenvolvemento (para traballar os contidos e procedementos da sesión), actividades de consolidación (orientadas a consolidar as actividades e avalialas), actividades de reforzo e recuperación e/ou actividades de ampliación.
Para á organización dos espazos e agrupamentos contamos cun aula ampla, luminosa con forma rectangular. Arredor da alfombra central dispoñerémonos en corro ou forma de U para realizar as actividades de quecemento e

introdución e o resto de exercicios de movemento, práctica vocal, instrumental e escénica así como xogos. O alumnado será agrupado en función das necesidades que suscita a resposta á diversidade e a heteroxeneidade das actividades, podendo realizarse diferentes variantes: individual ou parella, grupo pequeno (equipos que non superen os catro ou cinco membros), grupo mediano (alude ao grupo clase) e gran grupo (nas actividades realizadas por todo o centro educativo).

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos persoais: mestra especialista, mestra titora e familias. Persoas externas de empresas, institucións, etc. |
| Recursos materiais: instrumentos de placas (como xilófonos e metalófonos baixos, altos e sopranos, así como carillóns altos e sopranos), de pequena percusión de metal (triángulos, pratos, crótalos...), de madeira (maracas, castañolas, güiro, claves, caixas chinesas...), e de pel (pandeiros, pandeiretas, caixa, timbais, bombo...). Tamén hai instrumentos electrónicos como un teclado ademais de boomwhackers, campás e abundantes baquetas. Contamos ademais con material funxible (lapis, rotuladores, ceras, cartolinas, folios, plastilina...) e un variado e abundante material didáctico (libros de lectura e consulta, xogos, posters de figuras, notas musicais, abecedario musical, láminas, fotografías...). O material propio do alumnado, relacionado con fichas, traballos e partituras deberá ser gardado nun cartafol individual do que o alumnado debe facerse responsable. |
| Recursos tecnolóxicos e dixitais: Recursos tecnolóxicos e dixitais: ordenador con conexión a internet, cadea musical, encerado (liso e dixital) e proxector; vídeos e cancións; E-Dixgal como entorno virtual de aprendizaxe; materiais interactivos (Liveworksheets, LearningApps...); platafomas musicais dixitas (Chrome Music Lab, Incredibox...); ferramentas colaborativas (muro virtual...); ferramentas de edición de texto, vídeo, imaxe, son... |

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo durante as primeiras tres ou catro sesións co obxectivo de coñecer o punto de partida do alumnado, os seus intereses e detectar posibles dificultades ou necesidades. Neste eido cómpre ter especialmente en conta ó alumnado de nova incorporación.
Partirase dos informes individualizados do alumnado, a información aportada pola titora, as reunións co DO así como a execución guiada dunha selección específica de actividades e dináminas (enquisa, xogos, exercicios, cancións...). Consecuencia dos resultados poderanse adoptar medidas individuais ou colectivas como as que seguen: persoal docente adicional, reforzos nos diferentes bloques de contidos, adaptación dos instrumentos e das rúbricas, realización de actividades de ampliación ou reforzo e/ou adaptación do repertorio e danzas a traballar.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **30** | **30** | **40** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

O referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado en cada unidade serán os criterios de avaliación en tanto en canto describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr en coñecementos e en competencias. Para poder realizar o seguimento do grao de logro do noso alumnado respecto dos criterios empregaranse distintos métodos/procedementos de avaliación tales como: observación sistemática, intercambios orais e análise das producións do alumnado.
Os instrumentos de avaliación nos que se recollerán a información obtida por medio de tales procedementos serán as táboas de indicadores tales como rúbricas, escalas de observación ou listas de cotexo nas que se especificará o grao de consecución dos diferentes indicadores de logro nas producións do alumnado (interpretación e creación dos exercicios musicais propostos) así como nas probas específicas (traballos e probas específicas como fichas enquisas ou cuestionarios, entre outras). Ademais anotaranse os contidos e as actividades realizadas, así como os logros obtidos e as dificultades encontradas nun rexistro de clase.
A cualificación corresponderá á media das cualificacións obtidas nas escalas de valoración do trimestre en base o grao de consecución dos criterios de avaliación por medio dos procedementos e instrumentos anteriormente especificados e resumirase nunha nota numérica (de 1 a 10). O grao mínimo de consecución de cada criterio para acadar unha avaliación positiva (5) queda recollido no apartado 3.3. Avaliación das unidades didácticas.
A cualificación final coincidirá coa da terceira avaliación, debido á aspiralidade dos contidos e o carácter continuo da avaliación. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de IN (1, 2, 3, 4), SU (5), BE (6), NT (7, 8) e SB (9, 10).
No caso da área de Ed. Artística, o resultado da avaliación expresarase mediante unha única cualificación que será a media aritmética de Música e Danza e Educación Plástica e Visual. De acordo ao Artigo 22 do D. 155/2022 a promoción no curso de 1º de EP será automática.

**Criterios de recuperación:**

No contexto dun proceso de avaliación global, continúa e formativa, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo.
En caso de que o alumno/a non acade o mínimo de consecución dalgún criterio este poderá ser recuperado de xeito meramente progresivo ou ben de cara á avaliación final (en xuño). En ambos caso a recuperación do criterio non acadado será a través do mesmo tipo de instrumento de avaliación empregado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Segundo especifica o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e a orden do 8 de setembro do 2021 polo que se regula a atención a diversidade nos centros educativos de Galicia, a intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, polo que se deben garantir actuacións educativas dirixidas a dar respostas ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxes, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado.
Así mesmo as medidas establecidas tamén poden afectar a elementos curriculares non significativos e a aspectos organizativos que van dende o axuste continuo de estratexias de ensino-aprendizaxe á organización do traballo na aula, pasando pola realización constante de actividades de reforzo e ampliación para a atención xeral da diversidade.
Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.
Os programas implantados para tal fin, basearanse nunha metodoloxía experiencial e vivencial e tratarán de fomentar valores de confianza, empatía e tolerancia.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos. | X | X | X |
| ET.2 - Traballaranse, en todas as áreas, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. | X | X | X |
| ET.3 - Promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X | X | X |
| ET.4 - Prestarase especial atención á orientación educativa e á educación emocional e en valores. | X | X | X |
| ET.5 - Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito. | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.6 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Timbre musical | Cada 15 días organización da selección musical do timbre en función do calendario, efemérides, aniversarios, festividades... atendendo a criterios educativos. | X | X | X |
| Concertos | Asistencia a concertos e representacións musicais axeitadas a cada curso educativo, dentro e/ou fóra do centro. | X | X | X |
| Radio | Grabación de programas de radio sobre distintos aspectos da cultura musical dos países traballados. | X | X | X |
| Obradoiros | Realización de talleres adicados a algún aspecto musical. | | X | |
| Conmemoracións | Colaboración e participación nalgunhas das conmemoracións incluídas na PXA do curso escolar 23/24 como por exemplo o Entroido ou a Semana das Letras Galegas. | X | X | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 3. Adecuación da programación. |
| 4. Coherencia entre os elementos curriculares. |
| 6. Temporalización. |
| 8. Procedementos e instrumentos de avaliación. |

| |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 9. Organización dos espazos e materiais. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 7. Medidas de atención á diversidade. |
| Clima de traballo na aula |
| 5. Clima da aula. |
| Outros |
| 1. Rol do mestre. |
| 2. Motivación e participación activa do alumnado. |

**Descrición:**

O proceso de ensino-aprendizaxe require un seguimento continuo dos seus avances co obxectivo de detectar a tempo aquelas iniciativas ou metodoloxías que non están tendo o resultado desexado e correxir os erros que se atopen.
Seguindo o artigo 21 do Decreto 155/2022, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a propia práctica docente, para o cal establecemos os seguintes indicadores de logro.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.
O propio seguimento da programación será realizado en Proens unha vez ao trimestre atendendo aos seguintes puntos:
1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
- UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con caráter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.
Accións de mellora:
-Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
-Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
-Probas de avaliación de distinta dificultade.
-Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.
En función do anterior:
-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.).

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36004484 | CEIP Plurilingüe da Laxe | Marín | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Proxecto competencial | 1º Pri. | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 8 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 9 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 9 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 9 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 10 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 10 |
| 7.2. Actividades complementarias | 11 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 11 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 12 |
| 9. Outros apartados | 12 |

## 1. Introdución

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre todo ou profesorado. A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CEIP da Laxe, un centro público de Educación Infantil e Primaria, situado no concello de Marín, Pontevedra. Está formado por dúas aulas mixtas de infantil e 6 de primaria. O alumnado para o cal se elaborou esta programación é o curso de 1º EP, dos cales 9 nenos e nenas asistirán a esta materia, con idades comprendidas entre os 6 e 7 anos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Alimentámonos ben. | Realizaremos un proxecto no que o grupo vai pescudar información de como nos deberíamos alimentar, así como deseñar e confeccionar distintos modelos sobre dita temática e, por último, elaborar un produto final para a presentación do mesmo. | 25 | 13 | X | | |
| 2 | As nosas emocións. | Realizaremos un proxecto no que o grupo vai pescudar información sobre as diferentes emocións e o modo no que nos afectan, así como deseñar e confeccionar distintos modelos sobre dita temática e, por último, elaborar un produto final para a presentación do mesmo. | 35 | 11 | | X | |
| 3 | Coidemos o noso planeta. | Realizaremos un proxecto no que o grupo vai pescudar información sobre o noso impacto medioambiental e o modo no que reducilo, así como deseñar e confeccionar distintos modelos sobre dita temática e, por último, elaborar un produto final para a presentación do mesmo. | 40 | 11 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Alimentámonos ben. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia dunha alimentación saudable con axuda. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos con axuda. | | |
| CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto con axuda. | | |
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto con axuda. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir con axuda. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas con axuda. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados con axuda. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios con axuda. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas con axuda. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados con axuda. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar o proxecto realizado con axuda. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade con axuda. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal con corrección e presenza escénica axeitadas con axuda. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición con axuda. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos plásticos na presentación do proxecto con axuda. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | As nosas emocións. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia dunha alimentación saudable con axuda. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos con axuda. | | |
| CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto con axuda. | | |
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto con axuda. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir con axuda. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas con axuda. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados con axuda. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios con axuda. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas con axuda. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados con axuda. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar o proxecto realizado con axuda. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade con axuda. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal con corrección e presenza escénica axeitadas con axuda. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición con axuda. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos plásticos na presentación do proxecto con axuda. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| Contidos |
|---|
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.<br>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Coidemos o noso planeta. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer as repercusións que teñen as nosas accións no medio ambiente. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos. | | |
| CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar o proxecto realizado con axuda. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo tres proxectos:
- "Alimentámonos ben".
- "As nosas emocións".
- "Coidemos o noso planeta".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

A metodoloxía empregada estará baseada nunha aprendizaxe competencial, encamiñada a acadar os obxectivos da materia e as competencias relacionadas. Por tanto, partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado e as explicacións en gran grupo levaranse a cabo sempre acompañados de material de apoio visual.

O mestre será un guía e un facilitador do proceso de enseñanza-aprendizaxe do seu alumnado. Terá en conta as necesidades, capacidades e intereses de cada alumno/a para que teñan a oportunidade de desenvolverse de forma auntónoma e preparará actividades competenciais que promovan os intereses do neno/a, axeitadas a súa etapa de desenvolvemento. Será unha aprendizaxe global, activa, participativa, significativa e por descubrimento.

En canto á organización dos espazos, tempos e agrupamentos, variará en función das dinámicas que se leven a cabo. Realizaremos a maior parte do proxecto en gran grupo debido ao baixo número do alumnado. Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar. Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O alumnado terá liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión.

Neste proxecto, traballanse as todas as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes áreas:
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (relevancia histórica, biografías...)
- Educación en Valores Cívivos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)

- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Material funxible: pinturas, lapis, pegamento, cartulinas... |
| Distintas fichas de traballo: informativas, interactivas, recortables... |
| Ordenador e proxector de aula. |
| Libros temáticos na biblioteca de aula. |

Contaremos co ordenador e co proxector para buscar información de forma grupal e para o visionado de vídeos e de actividades interactivas para traballar a temática acordada.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase a cabo durante o mes de setembro e o seu obxectivo é o seguinte:
- Facilitar información sobre as características do alumnado, os seus intereses, capacidades, etc.
- Utilizar dita información para programar as adaptacións precisas e, en caso de ser necesario e coa intervención do DO, levar a cabo as medidas de atención que se necesiten.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **25** | **35** | **40** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación de cada avaliación da área de proxecto competencial están indicados nas táboas anteriores.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo, escalas de observación e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

Cabe destacar que a avaliación será continua, polo que a nota ordinaria en xuño coincidirá coa avaliación final.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que non consiga os mínimos de consecución requeridos, recuperará na seguinte avaliación debido a que tratamos un currículo competencial cuxos obxectivos de área son traballados durante todo o curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Optaremos por un modelo inclusivo, polo que teremos a posibilidade de flexibilizalo e adaptalo ás características da aula (variación de obxectivos, método, avaliación...). Actuaremos no espazo de aula para evitar que sexa limitante e deseñaranse actividades multinivel de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do rol dos alumnos/as con NEAE no proxecto. Tamén teremos previstas actividades de ampliación no caso do alumnado que presente maior ritmo de aprendizaxe, pretendendo ser motivadoras e que supoñan un estímulo.
Atendendo a isto e tendo en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e a orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve dito decreto, e regula a atención á diversidade nos centros educativos en Galicia, levaremos a cabo medidas que teñan como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias. Estas medidas poderán ser:
- Ordinarias: adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado; metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que fomenten a inclusión; adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación; reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria; programas de reforzo ou ampliación específicos; adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Extraordinarias: adaptacións curriculares e profesorado de PT.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, competencia dixital, fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas | X | X | X |
| ET.2 - Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e a pluralidade, o rexeitamento de calquer tipo de violencia. | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.3 - Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. | X | X | X |
| ET.4 - Educación en igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. | X | X | X |
| ET.5 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores | X | X | X |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Conmemoracións | Como o día do neno, a semana da ciencia, etc. | | | |
| Saídas culturais | Museos, fábricas, parques... | | | |

**Observacións:**

Neste curso escolar as actividades complementarias e extraescolares intentarán estar relacionadas co proxecto de centro. Ademáis realizaremos todas aquelas actividades propostas a nivel de centro que creamos de interese para o alumnado.
Tamén levaremos a cabo as conmemoracións e as actividades complementarias recollidas na PXA do centro do curso 23/24.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia. |
| Participación activa de todo o alumnado |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas |

| |
|---|
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. |
| CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase. | É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción que favoreza a súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase | TI | 100 |
| CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión. | Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás nos grupos aos que pertence e mesmo de outras relixións | | |
| CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos. | Escoita e resolve pacificamente os conflitos que xorden entre os compañeiros/as | | |
| CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes. | Servíndose da observación relaciona algunhas pasaxes Bíblicas empregando o Ozobot | | |
| CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá. | Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade | | |
| CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autocoñecemento persoal e as vivencias dos outros. | Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade | | |
| CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana. | Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula e é quen de recoñecelas nos seus compañeiros | | |
| CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas. | Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula | | |
| CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrindo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura. | Gusta de visualizar narraciós e historias da Biblia | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. |

| Contidos |
| --- |
| - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.<br>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.<br>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.<br>- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.<br>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.<br>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Iglesia, como libro sacro do cristianismo.<br>- A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade.<br>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.<br>- María, a Nai de Xesús.<br>- A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia.<br>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.<br>- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.<br>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.<br>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.<br>- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.<br>- Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.<br>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 8 | Que non falte a alegría! | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos. | Escoita e resolve pacificamente os conflitos que xorden entre os compañeiros/as | PE | 11 |
| CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo. | É quen de respectar as persoas do seu entorno e recoñecer seus erros desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable | TI | 89 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión. | Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás nos grupos aos que pertence e mesmo de outras relixións | | |
| CA1.4.1. - Recoñecer que palabras, xestos e accións son mais axeitadas para colaborar coa mellora da convivencia e sustentabilidade do lugar onde vivimos | É consciente de que hai palabras, xestos e algunhas accións que melloran a convivencia e embelecen o lugar onde vivimos | | |
| CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá. | Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade | | |
| CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autocoñecemento persoal e as vivencias dos outros. | Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade | | |
| CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana. | Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula e é quen de recoñecelas nos seus compañeiros | | |
| CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas. | Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula e é quen de recoñecelas nos seus compañeiros | | |
| CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret. | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.<br>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.<br>- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.<br>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.<br>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.<br>- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.<br>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflictan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.<br>- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.<br>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. |

| Contidos |
| --- |
| - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.<br>- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.<br>- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.<br>- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.<br>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.<br>- María, a Nai de Xesús.<br>- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.<br>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.<br>- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.<br>- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.<br>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.<br>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.<br>- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.<br>- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.<br>- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.<br>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se

realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completarase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas póndome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.
Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.
Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado ¿ mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En reli, os alumnos/as iníciaanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.
Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.
Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

. Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.

. Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.
Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas

. Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía

. Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

. Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, ¿Ensino básico¿ sinálase ¿Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (¿,) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe¿.

b) O AGRUPAMENTO DOS GRUPOS
- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso tras a recuperación da pandemia por Covid-19, establecereinos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

c) A ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS
Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento.
Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso, seguindo o indicado nos protocolos COVID, se os seguise a haber, e, adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Material específico e convencional da aula |
| Material impreso |
| Material informático e medios audiovisuais |
| Material non específico: Natural /  Reciclado |
| Materiais diversos |
| Recursos persoais ou humanos |

| Material funxible variado |
|---|

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinálase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzles, Biblioteca de aula...

Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores...

Material informático e medios audiovisuais.Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TIC e TAC): ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app "Biblia infantil", CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, a miña aula virtual e blogue, o robot escornabot e gafas de Realidade Virtual, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na pdi.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha avaliación inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **8** | **12** | **12** | **14** | **14** | **14** | **14** | **12** | **100** |
| **Proba escrita** | 0 | 24 | 0 | 10 | 0 | 14 | 0 | 11 | **8** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 76 | 100 | 90 | 100 | 86 | 100 | 89 | **92** |

**Criterios de cualificación:**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Parte actitudinal: 45%
Aproveitamento do tempo.
Esforzo e participación con interese en cada sesión.
Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as
Respecto ás normas de funcionamento na clase.
Atende e participa nas explicacións.
Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%
O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.
Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 32%
Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...
Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

d) Comportamento en xeral na aula + 8%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.
O método de avaliación será o de ¿avaliación continua¿, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será

avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitarei axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Comunicación audiovisual, TIC e TAC | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento da creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a PAZ. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Comprensión da lectura | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Fomento do espírito científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Fomento do emprendemento | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.15 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer | | X | X | X | | X | | X |

**Observacións:**

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
* Igualdade entre mulleres e homes.
* Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
* Competencia dixital
* O fomento da creatividade no alumnado
* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita mais éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
* Expresión oral e escrita, positivas
* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
* Educación emocional e en valores
* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Manualidade | Manualidade para traballar o tema da creació | | | |
| Belén móbil | Material non decidido polo momento: Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén que irá por todas as aulas do colexio e á visita ao xeriátrico | | | |
| Lecturas felices no patio | Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos | | | |
| Busca do tesouro da Semana Santa e Pascua | Prepararei unha busca do tesouro de momentos importantes da Semana Santa e Pascua que logo debemos ordenar, con premio para todos ao finalizar a sesión | | | |

**Observacións:**

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

"A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade""

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Tento facer clases amenas e motivadoras |
| Traballo en equipo con outros mestres/as |
| Consigo que o alumnado traballe en equipo |
| Emprego de ferramentas TIC |
| Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos |
| Implico as familias |
| Utilizo medidas de atención á diversidade |
| Avalío constantemente miña propia práctica docente |

**Descrición:**

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estandar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña

propia actuación como mestra de Relixión.

* Avaliación da programación:
.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?
.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC e TAC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre ou traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante ou proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír ou proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:
* Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos
alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.
* Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo¿
* Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais¿) en,
-Fichas de actividades e xogos de cada U.D.
-Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre
-Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo
-Traballo cooperativo
-Manualidades, pasatempos
-Xogos de mesa, de creatividade,
-Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, coas gafas virtual, co escornabot, na aula virtual...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizareinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado
En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que

se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos
- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)
- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente
-Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias
- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
* Aos alumnos.
* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

## 9. Outros apartados